

A SOBRE A OPE EXTRAORDINARIA

Sobre a OPE extraordinaria actualmente en curso a Directiva da AGAMFEC quere manifestar o seguinte:

1. A convocatoria de OPE extraordinaria foi realizada pola Administración para tentar de reparar a situación de deterioro laboral causada pola súa propia negligencia, por non ter realizado convocatorias de concurso-oposición nos anos precedentes, o que provocou que exista na actualidade unha altísima taxa de profesionais con interinidades de longa duración.
2. A AGAMFEC defendeu sempre a realización dun concurso-oposición como xeito máis adecuado para efectuar unha selección de persoal xusta, rigorosa e transparente.
3. A AGAMFEC nunca defendeu a realización desta OPE extraordinaria nos termos en que está convocada e manifestou no seu día que os mecanismos de selección utilizados neste proceso non son en absoluto adecuados para o fin que se persegue.
4. A AGAMFEC fixo, no seu momento, unha reclamación contra as bases da convocatoria (que foi desestimada) e ofertou aos socios un modelo de reclamación dirixido ao tribunal da OPE para solicitar que os 3 anos de formación MIR sexan valorados como tempo traballado (tamén foi desestimado).
5. Algúns socios da AGAMFEC solicitaron da Asociación que acudise ante a Administración e os tribunais de xustiza para perseverar en dita reclamación. Segundo contacto co avogado de semFYC, a Directiva é informada de que non procede recurso de alzada ante a Consellería senón que habería que interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo nos tribunais ordinarios de xustiza. O máis probable é que dito recurso se desestimase, pero no caso de que fose aceptado habería dúas posibilidades:
 - o O Xuíz pode aplicar unha suspensión cautelar do proceso porque considerase que este baremo provoca un dano importante, ou
 - o Non se aplica tal suspensión cautelar pero o recurso continúa e gánase. Este proceso levaría un mínimo de 2-3 anos, tempo no que se espera que a oposición estea rematada, polo que a medida non se podería aplicar porque xeraría máis dano que beneficios.

Tras esta exposición, a Xunta Directiva da AGAMFEC, decide, por unanimidade dos presentes, non interpoñer recurso contencioso-administrativo baseándose nos argumentos precedentes e nos seguintes motivos:

- Hai unha vontade xeral de que finalice o proceso extraordinaria actualmente en marcha e de reclamar, a partir da súa finalización, a convocatoria de concurso-oposición ordinaria anual/bianual.
- Hai moitos asociados da AGAMFEC que están en contra de interpoñer calquera recurso ou facer calquera actividade que poida paralizar o proceso.
- Se a OPE se paraliza habería moitos máis perxudicados que beneficiados. Non só os afectados directamente polo proceso senón tamén as xeracións de médicos de familia que continúan formándose cada ano.
- No caso de ganarse o recurso non crearía xurisprudencia posto que o actual proceso de selección é unha OPE extraordinaria.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2004

Pablo Vaamonde

Presidente da AGAMFEC